



Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/24/2020	GOB14I0BU
0T4M3A4T561C5G4N11RV	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DOUS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dous de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA A REDACCION DE PLANS DE EMERXENCIA ANTE SITUACIONES DE SECA 2020.- Vista a proposta formulada que di así: A funcionaria responsable de Asistencia a Secretaría, en data 26/06/2020, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI14I0FO que di:

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	ASI/52/2020: Subvención para a redacción do Plan de Emerxencia ante situacións de seca
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Solicitud de subvención

O pasado 17 de xuño publicouse no DOG a RESOLUCIÓN, da presidenta de Augas de Galicia, do 1 de xuño de 2020, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento AU100A).

Ao abeiro de dita resolución obra no expediente a memoria, elaborada por un técnico competente, comprensiva dos requisitos que debe ter o dito plan, así como a súa valoración económica e demais extremos requiridos na antedita resolución.

O importe estimado do plan é de 12.826,00 €. O acollemento á mencionada convocatoria, supón un importe máximo da subvención de 10.260,80 € (80,00% do total), o que supón unha achega mínima municipal de 2.565,20 €.

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2020. Concretamente a base 52, apartado 1, sinala que as solicitudes de subvencións [...] que se sometan á aprobación da xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia. A tal efecto, esta funcionaria elaborou o plan de financiamento adxunto de código AS11410FN.

- Resolucións da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o seguinte plan de financiamento para a “Redacción do Plan de Emerxencia ante situacións de seca”, de acordo co establecido no informe adxunto de código AS11410FN e que aquí se amosa resumido:

Proxecto	Redacción do Plan de Emerxencia ante situacións de seca
Importe total	12.826,00 €
Importe solicitado	10.260,80 €
Achega municipal	2.565,20 €
Aplicación orzamentaria	1700 22706 (Medio Ambiente – Estudos e Traballos Técnicos)

No momento de aceptar, no seu caso, a subvención, procederá a tramitación do correspondente expediente modificación de créditos para facer fronte á achega municipal.

SEGUNDO: Solicitar de Augas de Galicia a subvención por valor de **10.260,80 €**, para a “Redacción do Plan de Emerxencia ante situacións de seca”.

A través desta solicitude, o Concello de Narón acepta as condicións e demais requisitos exixidos na resolución de convocatoria para o devandito proxecto; e o compromiso do emprego da lingua galega no plan de emerxencia ante situacións de seca obxecto da solicitude.

TERCEIRO: Designar á Alcaldesa-Presidenta, Dna. Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relacións co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

“Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO14107M, esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.



VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIAN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI